



**CONCELLO DE
SANTA COMBA**
TERRA DE XALLAS

"SAN SILVESTRE XALLEIRA SOLIDARIA SANTA COMBA 2019"

DOMINGO 29 DE DECEMBRO 2019

A Carreira Pedreste "**San Silvestre Xalleira Solidaria 2019**" é unha iniciativa da Clube CorreXallas coa colaboración do Concello de Santa Comba, que ten por obxectivo fomentar a práctica deportiva en tempo de Nadal, dunha maneira lúdica coa finalidade de recadar fondos con fins solidarios; no caso desta edición 2019, para **os/as familiares de enferm@s de Alzheimer da Terra do Xallas. Estes familiares serán os destinatarios da totalidade da inscricións.**

Desde a organización quere resaltarse o carácter lúdico deste evento deportivo, e anímase aos/ás participantes a poder asistir disfrazados/as ás Carreiras e á Andaina da Familia (non competitiva).

As probas levaranse a cabo o domingo 29 de Decembro a partir das 10:00 horas. As mesmas rexiranse polo seguinte:

REGULAMENTO

Artigo 1. Participación.

Nesta proba poderán participar todas aquelas personas que formalicen a súa inscrición no tempo e prazo preciso e sempre que entren dentro do rango de idades establecido para as categorías establecidas no presente reglamento. O control da proba estará baixo a supervisión da Asociación deportiva Correxallas e do Concello de Santa Comba.

Artigo 2. Categorías de competición.

Estableceranse as seguintes categorías de competición, tanto masculinas como femininas:

CATEGORÍAS	ANOS DE NACEMENTO
Pitufas/as	Nadas/os en 2012 e posteriores
Sub 12	Nadas/os en 2008 e 2011
Sub 16	Nadas/os en 2004 e 2007
ABSOLUTA	Nadas/os en 2003 e anteriores.

Artigo 3. Horarios de competición.

Estableceranse os seguintes horarios para as diferentes carreiras, tanto masculinas como femeninas:

HORARIO	PROBA	DISTANCIA
10:00h	ANDAINA DA FAMILIA	10 Km aprox.
12:00 h	CARREIRA -> SUB 16	3 km aprox.
12:20 h	CARREIRA ABSOLUTA 5K	5 km aprox.
13:00 h	CARREIRA SUB 12	1Km aprox
13:15 h	CARREIRA DE PITUFOS/AS	300 m aprox.
13:30 h	ENTREGA DE PREMIOS	

Artigo 4. Lugar de SAIDA/META das probas

O lugar de saída para as distintas probas, será desde a **Avenida Alfonso Molina**, diante da Casa de Cultura, situada en Santa Comba (capital municipal).

Artigo 5. Descrición dos percorridos das diferentes categorías.

CIRCUITOS POR CATEGORIAS:

1.- Circuito de 5k; lonxitude aproximada de 5 km. O percorrido ten superficie de asfalto. Percorre diferentes rúas do casco urbano xalleiro. Os participantes completarán unha volta.

2.- Circuito 3k; lonxitude aproximada de 3 km, con superficie de asfalto. Os corredores completarán unha volta.

3.- Circuito Sub 12: Lonxitude aproximada 1 km, con superficie de asfalto 100%.

4.- Circuito Pitufos/as: Lonxitude aproximada 300m, con superficie total de asfalto 100%.

5.- ANDAINA DA FAMILIA: Lonxitude aproximada, 10km, con superficie 80% de terra e 20 % asfalto.

Artigo 6. Inscripcións. Prezos e prazos.

A inscrición da proba poderase realizar de 2 xeitos diferentes:



ONLINE:

a través da páxina web www.emesport.es ;



PRESENCIAL:

no Concello de Santa Comba (Área de Xuventude tf. 981 81 87 10).

Consultar
horarios.

O prazo de inscrición rematará o **xoves 26 de Decembro de 2019 ás 23:59 horas**. Non se aceptará ningunha inscrición unha vez rematado dito prazo.

PREZOS DA INSCRICIÓN*

PROBA	DISTANCIA
ANDAINA DA FAMILIA	GRATUITO
CARREIRA -> SUB 12**	GRATUITO
CARREIRA DE 3 KM aprox. -> (SUB 16)**	GRATUITO
CARREIRA PITUFOS **	GRATUITO
CATEGORÍA ABSOLUTA 5K*	7 €

*** As inscricións da Categoría Absoluta 5k serán donadas INTEGRAMENTE á Agrupación de familiares de Enfermos de Alzheimer de Santa Comba.**

**** Habilitarase unha FILA 0, para recoller todos aqueles donativos que desexen realizar os/as inscrit@s das categorías Pitufos, sub 12 , sub 16 e Andaina.**

Artigo 7. RECOLLIDA DE DORSAIS.

Realizarase o día da proba nun espazo na casa do de Cultura do Concello de Santa Comba a partir das 9:30 horas da data da proba e ata 15 minutos antes antes do inicio de cada proba.

Artigo 8. PREMIOS

Ao remate das probas realizarase un acto de entrega de premios e medallas aos seguintes:

PREMIOS “SAN SILVESTRE XALLEIRA SOLIDARIA 2019”:

- ✓ **Medallas** para os 3 primeiros categoría masculina e 3 primeiras categoría Femenina da Carreira de **Pitufos/as**.
- ✓ **Medallas** para os 3 primeiros categoría masculina e 3 primeiras categoría Femenina das carreiras **Sub-12 e sub 16**.
- ✓ 3 primeiros da categoría masculina e 3 primeiras da categoría Femenina da carreiras **ABSOLUTA 5K : MEDALLA E VALES DE COMPRA DE MATERIAL DEPORTIVO DE 50€ (Clasificado/a), 40€ (Clasificado,a), 30€ (clasificado/a),**
- ✓ **PREMIO ESPECIAL (CESTA DE PRODUCTOS DE TEMPORADA), PARA A PERSOA QUE FAGA A CARREIRA CO DISFRAZ MÁIS ORIXINAL.***

*** O premio especial será elixido polo comité de organización designado pa Asociación deportiva CorreXallas.**

Artigo 9. SERVIZO DE DUCHAS E VESTIARIOS.

Haberá Servicio de Duchas no Polideportivo Municipal de Santa Comba sito a 300 mts. da liña de meta.

- Horario de apertura: de 12:00 h a 15:00 h.

Artigo 10. Avituallamento.

Haberá servicio de AVITUALLAMENTO líquido e sólido na zona de meta por cortesía das entidades colaboradoras.

Artigo 11. Responsabilidade e reclamacións.

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais que a sí mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao comité organizador, non máis tarde de 15 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren (informando previamente)

Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo a normativa en vigor da RFEA e FGA para probas en ruta da tempada 2018/2019.

ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO:

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e participar na proba, aceptan esta normativa e, en caso de dúbida ou xurdindo algunha situación non prevista nela, resolveranse de acordo coas disposicións dispoñibles, o Comité Organizador e as regras da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: A través da súa inscrición, o corredor autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a entidade aseguradora para a tramitación, ante a compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil

Esta proba disporá dos seguros e servicios sanitarios requerido nas normativas vixentes.